



## CIRCULAR SOBRE O ALCANCE DA PÓLIZA DE SEGURO COLECTIVO DO PROGRAMA XOGADE

Ante as distintas consultas levadas a cabo nas últimas datas por distintas federacións deportivas galegas e clubs sobre a póliza do seguro colectivo do programa Xogade e o seu alcance, esta Secretaría Xeral para o Deporte comunica:

-A Secretaría Xeral para o Deporte, ante o remate do prazo de vixencia do anterior contrato, licitou un concurso para a contratación dunha póliza de seguro colectivo para garantir as consecuencias dos riscos derivados da práctica da actividade deportiva en favor dos compoñentes do colectivo que participa nos programas e actividades organizados pola Secretaría Xeral para o Deporte e do deporte federado en idade escolar (6 a 16 anos) contemplados no programa XOGADE.

-A esta licitación presentáronse tres empresas, resultando adxudicataria do contrato a empresa Mutua General de Catalunya. Nas prescricións técnicas e nas cláusulas administrativas de licitación determináronse unhas condicións de prestación e cobertura iguais, en canto ao colectivo asegurado, ás establecidas nas licitacións dos anos anteriores.

-A póliza que se contratou, e que se viña contratando, ampara a dous colectivos:

a) Aos deportistas inscritos no programa XOGADE durante a súa participación nas actividades organizadas pola Secretaría Xeral para o Deporte e que se desenvolven en execución deste.

b) Aos deportistas federados inscritos no programa XOGADE de 6 a 16 anos nas competicións oficiais (incluíndo os adestramentos).

Polo que respecta ao primeiro colectivo, non se xorde ningunha dúbida respecto ao colectivo cuberto, pois estes son recollidos na aplicación e incorporados polos centros educativos, as agrupacións deportivas escolares e os clubs.

Respecto ao segundo colectivo, está conformado polos deportistas con licenza federativa recollidos na aplicación e incorporados polas federacións deportivas galegas e **cando participen en competicións oficiais e adestramentos.**





A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (DOG Núm. 71 Venres, 13 de abril de 2012), modificada pola Lei 13/2015, de 24 de decembro define claramente que competicións teñen carácter oficial e cales non.

**“Artigo 19. Competicións oficiais de ámbito autonómico.**

*... son competicións oficiais federadas de ámbito autonómico aquelas que, realizándose en Galicia, sexan incluídas polas federacións deportivas galegas no calendario oficial que aproba a asemblea xeral. Este calendario deberá serlle comunicado á Administración deportiva no prazo de sete días desde a devandita aprobación, e entenderanse cualificadas como tales se a Administración deportiva non formula observacións no prazo de dez días.*

*A referida comunicación deberá efectuarse, en todo caso, con carácter previo ao inicio da tempada, sen prexuízo de futuras comunicacións, no caso de modificacións no calendario oficial inicial que puidesen aprobar as propias asembleas xerais, ou os órganos nos que estas delegasen a realización das modificacións. Estas modificacións tamén as deberá aprobar a Administración deportiva nos termos establecidos no parágrafo anterior.”*

Polo tanto, soamente estarán cubertos os deportistas federados inscritos no programa XOGADE con idades comprendidas entre os 6 e os 16 anos con motivo da súa participación en:

**Partidos de competicións oficiais.**

**Partidos das fases clasificatorias e finais dos campionatos de España oficiais.**

**Seleccións autonómicas (concentracións, partidos preparatorios e partidos de campionatos)**

Aquelas federacións deportivas que ademais organizan **actividades federativas** (tecnificación, concentracións, torneos con presenza arbitral federativa,...) deberán **incorporar este calendario** de actividades ao calendario oficial (sen que nestes casos sexa preciso determinar a data concreta de celebración) para que se incorporen á cobertura da póliza de seguro.

Tal e como recolle o artigo transcrito, o calendario oficial é algo vivo que pode modificarse ao longo do ano competitivo, sen necesidade de convocar asemblea xeral para aprobar esa modificación cando esta función fose delegada noutro órgano federativo para aprobar as modificacións do calendario.

Todos os eventos deportivos (trofeos, copas, encontros,...) que non figuren no calendario oficial, non terán a condición de competición oficial, estando sometidos ao disposto no artigo 22 da Lei 3/2012 que establece a obriga de que os organizadores de torneos de ámbito privado e daquelas actividades





non oficiais deberán subscribir un seguro de responsabilidade civil e un seguro de accidentes, non estando cubertos pola póliza de seguro do Programa Xogade.

Desde a modificación da Lei do Deporte clarificouse cunha norma con rango de lei esta circunstancia, esixindo expresamente que os organizadores destes eventos deben contratar un seguro de responsabilidade civil e un de accidentes deportivos. Este seguro nunca foi un seguro universal para os deportistas de 6 a 16 anos.

Esta obriga legal veu a incorporar unha garantía para todos os deportistas que participen en eses eventos, na busca de que ninguén se poida ver sen cobertura cando se inscriba nunha proba deportiva.

Santiago de Compostela

A secretaria xeral para o Deporte

Marta Míguez Telle

